

ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS, DIRIXIDAS ÁS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS/AS DE EDIFICIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS PROMOVIDAS POLO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, CO OBXECTO DE REALIZAR ACTUACIÓNS DE MELLORA ENERXÉTICA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

(Resolución do 22 de maio de 2020, DOG núm. 105 do 1 de xuño de 2020)

DATA: 9 de outubro de 2020

PARTICIPANTES NA COMISIÓN

- M^a Ángeles Domínguez Franjo, secretaria xeral do IGVS, presidenta da comisión
- Ricardo Valencia Hentschel, director técnico de Solo, Edificación e Calidade, secretario e vogal
- M^a José Paniagua Mateos, xefa do Servizo de Calidade, vogal
- Susana Orgaz López, xefa da Oficina Técnica, vogal
- Susana Vázquez Romero, xefa de Área da Coruña, vogal
- M^a Mar Gómez Pardo, xefa de Área de Lugo, vogal
- Consuelo Fernández Sueiro, xefa de Área de Ourense, vogal
- María Martínez Allegue, xefa de Área de Pontevedra, vogal

ORDE DO DÍA

I. Informe de valoración das solicitudes de axudas e proposta de aprobación de comunidades beneficiarias.

Para a convocatoria do ano 2020 de estas axudas había un crédito orzamentario de 3.000.000,00 euros para executar nas anualidades: 1.500.000,00 euros no ano 2020, 1.000.000,00 euros no ano 2021 e 500.000,00 euros no ano 2022.

Presentáronse a esta convocatoria un total de 2 solicitudes en tempo e forma das que unha corresponde a un edificio situado na provincia Lugo e a outra corresponde a un edificio situado na provincia de Pontevedra.

O listado das solicitudes presentadas corresponde co Anexo I.



O expediente da provincia de Lugo 2020VI420B27001 foi presentado no rexistro o 31/07/2020. Revisada a documentación, o 05/08/2020 requírese para que no prazo de 10 días presente a documentación establecida no ordinal décimo sexto da citada resolución. Transcorrido o prazo establecido non se recibe a documentación, polo que se declara a desistencia da solicitude, de acordo co artigo 94.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En Pontevedra preséntase a solicitude do expediente 2020VI420B36001 o día 02/08/2020 para a mellora enerxética dunhas vivendas que compoñen o edificio situado na rúa Valiña núm. 15 do Concello de Poio (Pontevedra) . Comprobado na área territorial, non consta que fosen promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e, en consecuencia, nunca foron cualificadas como vivendas de protección oficial de promoción pública, como así recolle o informe do xefe de Sección Patrimonial da área provincia do IGVS no que subscribe con data 03/08/2020 que non se trata dun edificio de promoción pública.

De acordo co punto oitavo da resolución de axudas do 22 de maio de 2020 (DOG 01/06/2020), o ámbito de aplicación destas axudas comprende os edificios de vivendas e os conxuntos das vivendas unifamiliares protexidas promovidas polo IGVS que no momento da presentación da solicitude, non transcorresen mais de vinte e cinco anos da súa cualificación definitiva.

II Acordos

1. Aprobar o Anexo I.
2. Propoñer a denegación do expediente 2020VI420B36001 por incumprir a condición do ámbito de aplicación en base ao ordinal oitavo da resolución do 22 de maio e propoñer a desistencia do expediente 2020VI420B27001 por non contestar ao requirimento de presentación da documentación establecida no ordinal décimo sexto da mesma resolución, en base ao artigo 94.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, polo que redacta esta acta como secretario e a presidenta da o seu visto e praxe.



SOLICITUDES C.P. PRESENTADAS

ANEXO I. SOLICITUDES PRESENTADAS NA CONVOCATORIA 2020 DE SUBVENCIÓN S VPP (VI420B)										
EXPEDIENTE	CONCELLO	DIRECCIÓN	CIF	DATA	Qualif	OBRA	VPP	SITUACIÓN solicitud	OBSERVACIÓN S	INFORMES
PONTEVEDRA										
2020VI420B36001	POIO	VALIÑA NÚM. 15	H36136083	-			NON	DENEGADA	NON EDIFICIO VPP	Sección Patrimonial
LUGO										
2020VI420B27001	LUGO	CAMIÑO ROMAI 13-15	H27214501	26/12/1996		SUBSTITUCIÓN CUBERTA	SI	DESISTENCIA	NON PRESENTA DOCUMENTACION 16.2	

